

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 02 DE XANEIRO DO 2026.**

ASISTENTES:

Presidente: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE Membros que asisten: POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BARREIRO REGO ANA ISABEL PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO BRION SANTAMARIA JUANA MARIA PEREZ GOMEZ CARMEN MUÑOZ MUÑOZ ELADIO MARIÑO DE BRICIO VICENTE	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretaria Xeral acctal.: MARÍA SIERA RÍOS Membros que non asisten:
--	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 10:00 do día Dous de Xaneiro do Dous mil vinte e seis, reúnenos os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Extraordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 20 de outubro de 2025, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 26/12/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202512/427

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto da Alcaldesa, María José Sampedro Fernández, de data 26/12/2025. DECRETO: "APROBACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2025"



3.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DE POSTO DE VENDA AMBULANTE – Silvestre Costa Díaz

Visto o escrito presentado por **Silvestre Costa Díaz**, de data 26/12/2025 (Registro de entrada nº 30.616), no que solicita autorización para a instalación de posto de venda ambulante (Mojitos), o día 31/12/2025, na Praza de Pontevedra (Ribeira), co motivo da celebración da Noite de Fin de Ano.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Silvestre Costa Díaz** para a instalación de posto de venda ambulante (Mojitos), o día 31/12/2025, na Praza de Pontevedra (Ribeira), co motivo da celebración da Noite de Fin de Ano.
- Antes do incio da actividade deberá proceder ao pago das correspondentes taxas municipais.**
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.**
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21411 08.09.2025 GONZALO MUÑOZ SAMPEDRO, mantemento fachadas da vivenda, na rúa Remedios, nº 21, Ribeira (2025 COMU000458).

5.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

21547 09.09.2025 JOSÉ MANUEL TOMÉ SANTAMARÍA, peche de parcela, no lugar de Fonterramil, Castiñeiras (2025 COMU000459).

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

19813 21.08.2025 JESÚS VÁZQUEZ VÁZQUEZ, traballos no muro dianteiro, no lugar de



Deán Pequeno, nº 46, Ribeira (2025 COMU000482).

7.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Sergio Pouso Cánibe

Visto o escrito presentado por **Sergio Pouso Cánibe**, de data 26/11/2025 (Registro de entrada nº 28.406), no que solicita certificación urbanística en relación ao INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8481126MH9087N0006KD (LUGAR DE RÚA FCO LORENZO MARIÑO Nº 132 - 1º B, RIBEIRA) neste termo municipal.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Secretario Xeral, de data 19/08/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Que dos antecedentes obrantes nesta Secretaría e según os datos facilitados polo Departamento Municipal de Urbanismo despréndese que

-O INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL 8481126MH9087N0006KD (LUGAR DE RÚA FCO LORENZO MARIÑO Nº 132 - 1º B, RIBEIRA) neste termo municipal non ten pendente ningún expediente por infracción urbanística ou ambiental nesta Administración.

8.- SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN TEMPORAL DE ESPAZO PÚBLICO – Silman 97, S.L.

Visto o escrito presentado por Jesica Valeria Málaga-Figueroa Funes en representación de **Silman 97, S.L.**, de data 24/12/2025 (Registro de entrada nº 30.540), no que solicita autorización para a ocupación temporal de espazo público cunha unidade móbil nun espazo (10 m. x 5 m.) o máis céntrico posible, o día 10/02/2026, en horario de 09:00 h. a 14:00 h., co fin de prestar servizo de oficina itinerante de atención ás persoas retornadas, incluído no programa estratéxico “Galicia Retorna 2023-2026” da Secretaría de Emigración da Xunta de Galicia. Solicitando así mesmo, unha toma eléctrica schuko monofásica de 16 amperios.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a ocupación temporal de espazo público cunha unidade móbil na Avenida do Malecón – Zona de Capitanía Marítima - (Ribeira), o día 10/02/2026, en horario de 09:00 h. a 14:00 h., co fin de prestar servizo de oficina itinerante de atención ás persoas retornadas, incluído no programa estratéxico “Galicia Retorna 2023-2026” da Secretaría de Emigración da Xunta de Galicia.
- Autorizar a conexión a unha toma eléctrica schuko monofásica de 16 amperios.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.



9.- SOLICITUDE DE REPOSICIÓN DE SINAL DE PROHIBIDO ESTACIONAR – Manuel Campo Leiros

Visto o escrito presentado por **Manuel Campo Leiros**, de data 30/08/2025 (Rexistro de entrada nº 21.480), no que solicita a reposición do sinal de prohibido estacionar na pista de acceso á Praia da Ladeira (Corrubedo).

Visto o informe emitido ao respecto pola Policía Local, de data 25/12/2025, no que sinala:

“Vista la solicitud formulada por el interesado, el Agente informante considera necesaria la reposición de la Señal R-308 según se indica en el Croquis que se adjunta, ya que el estacionamiento de vehículos en la pista de acceso a la Playa de A Ladeira, supone un obstáculo que impide el acceso de los servicios de emergencias, principalmente ambulancias hasta una zona próxima al arenal.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Aprobar a reposición do sinal de prohibido estacionar na pista de acceso á Praia da Ladeira (Corrubedo), segundo o sinalado no citado informe policial.

10.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DA AULA DE CRISTÓBAL COLÓN (RIBEIRA) – Programa Integrado de Emprego

Queda sobre a mesa o escrito presentado por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego** do Concello de Ribeira, de data 26/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.691), no que solicita a cesión de uso da aula de formación municipal situada na Rúa Cristóbal Colón (Ribeira), co fin de realizar a fase de formación do P.I.E., “Taller Sociosanitario e Aula”, para a formación en mobilización de enfermos (SANT079PO), en horario de 09:00 h. a 14:00 h. e nas seguintes datas:

Maio 2026: 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14, 15, 18, 19, 20, 21, 25, 26 e 27

11.- SOLICITUDE CESIÓN DE USO DA AULA CEMIT (RIBEIRA) – Programa Integrado de Emprego

Queda sobre a mesa o escrito presentado por Estela Saa Villaverde en representación do **Programa Integrado de Emprego** do Concello de Ribeira, de data 26/12/2025 (Rexistro de entrada nº 30.692), no que solicita a cesión de uso da aula de formación municipal CEMIT (Ribeira), co fin de realizar a fase de formación do P.I.E., en horario de 09:00 h. a 14:00 h. e nas seguintes datas:

Febreiro 2026: 19, 23, 24, 25, 26 e 27 (“Trámites online coa administración e iniciación á informática”)

Marzo 2026: 18, 19 e 20 (“Uso de recursos dixitais no ámbito laboral, cómo comunicarnos de forma efectiva por Email”)

Maio 2026: 4, 5, 6, 7, 8, 11, 12, 13, 14 e 15 (“Ofimática”)

Xuño 2026: 8, 9, 10, 11, 12, 15, 16, 17, 18 e 19 (“Técnicas administrativas”)

12.- SOLICITUDE DE ESPELLO VIAL – José Manuel Casais Fernández

Visto o escrito presentado por **José Manuel Casais Fernández**, de data 03/12/2025 (Registro de entrada nº 29.010), no que solicita a instalación dun espello vial no lugar de Goda, nº 13 (Artes), co fin de mellorar a seguridade e facilitar a circulación vial.

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Picía Local, de data 30/12/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- **Autorizar** a instalación dun espello vial no lugar de Goda, nº 13 (Artes).
- **Informar** ao solicitante que neste tipo de supostos, nos que a instalación do espello non responde a unha necesidade de carácter xeral nin afecta a unha colectividade indeterminada de usuarios, senón que beneficia unicamente a un particular, o criterio xeral aplicado é que **tanto o custo da instalación como o posterior mantemento do espello deberán ser asumidos polo usuario beneficiario**.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

